

CONVOCATORIA VACACIÓNS CON TRABALLO EN GALICIA 2019

PRESENTACIÓN DO PROGRAMA

Que é Vacacións con Traballo en Galicia?

Despois de doce anos enviando a persoal dos concellos socios a colaborar cos parceiros no Sur a través das Vacacións con Traballo, en 2017 o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade deulle a volta ao programa. Nos últimos tempos, unha demanda frecuente dos municipios do Sur é profundar nesta **colaboración técnica facilitando que o seu funcionariado se desprace a Galicia** para formarse en diferentes materias dentro da administración local.

Deste xeito, o programa Vacacións con Traballo en Galicia ten como misión fortalecer ao persoal técnico municipal dos países cos que traballamos, para o que procuramos un intercambio de experiencias naqueles concellos galegos dispostos a facer de anfitrións e cunha traxectoria destacada na área sobre a que se procura o fortalecemento.

En que consiste?

O programa Vacacións con Traballo en Galicia consiste na viaxe ata o noso país de técnicas e técnicos municipais ou de asociacións de municipios dos países cos que mantemos unha relación de cooperación. Durante a súa estadía visitan varias administracións locais galegas nas que coñecen a experiencia de xestión nas áreas remarcadas como de maior interese segundo o seu perfil. O tempo de estadía en cada un dos municipios/deputacións participantes é de entre unha semana e quince días (fins de semana incluídas).

Quen pode participar?

Todos os concellos e deputacións socias do Fondo Galego poden presentar as súas candidaturas para acoller ao técnico que nos acompañará nesta terceira edición, **enviando a ficha de solicitude cuberta a comunicacion@fondogalego.org ata o vindeiro 31 de xullo**. Para seleccionar as administracións locais receptoras de entre todas as propostas recibidas, terase en conta o destacamento na área de finanzas municipais, especialmente no sector de impostos, a proposta metodolóxica para o intercambio de experiencias e a representación de concellos de diferentes tamaños e provincias (sempre que sexa posible). No proceso de selección tamén participará a Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos.

Cando terá lugar?

Entre o 15 de setembro e o 15 de outubro, ficando algúns días reservados para o acompañamento de actividades propias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Quen asume os custes do programa?

O Fondo Galego asume os custes da viaxe, aloxamento e manutención das persoas participantes, recaendo nos municipios e deputacións acolledoras a responsabilidade do seu acompañamento

técnico e nos tempos de ocio. As entidades receptoras deberán designar unha persoa **responsable do acompañamento**, así como esbozar o correspondente plan de traballo, que deberá ser entregado previamente á viaxe da técnica participante.

Cales son as obrigas das administracións locais participantes?

- Designar unha persoa responsable do acompañamento técnico.
- Elaboración do plan de traballo.
- Asumir o desprazamento desde a localidade na que se atope a persoa participante ata o seu municipio.
- Planificar e acompañar a actividades lúdicas/culturais/turísticas durante a fin de semana.

PARTICIPANTE

Nome da persoa participante: Onofre Cristiano Muinaga

Entidade á que representa: Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos

Posto que desenvolve: Técnico de finanzas municipais.

Formación: Licenciado en Administración Pública pola UEM.

Cales son os obxectivos perseguidos?

Adquirir experiencia na área de finanzas municipais, especialmente na xestión dos impostos, a fin de mellorar a asistencia que a ANAMM ofrece aos concellos mozambicanos, co gallo de mellorar a sustentabilidade financeira a través da recadación dos impostos propios e reducir a forte dependencia das transferencias fiscais do goberno central.

Cales son as áreas de interese?

- Recadación e xestión de impostos
- Catastro tributario
- Transferencias fiscais e outras fontes de financiamento
- Control interno e modelos de rendición de contas

Que expectativas ten o noso participante?

Ir máis alá da recepción de información e participar a nivel práctico das tarefas que se realizan dentro da institución nas áreas sinaladas de interese, ao tempo que seguir de preto a xestión dalgunhas das accións que os municipios executen ao respecto.